

GUÍA DIDÁCTICA

CURSO DE NIVEL 1 FGB

INFORMACIÓN XERAL

A Federación Galega de Baloncesto convoca este curso AUTONÓMICO, con carácter FEDERATIVO e en formato SEMIPRESENCIAL.

A Federación Galega de Baloncesto volve á vía dos cursos federativos e arrinca esta nova etapa coa creación dunha “Escola de Adestradores” co ánimo de conseguir unha formación de calidade para os adestradores de baloncesto.

Convoca este curso de Nivel 1, impartindo as materias axeitadas tanto á normativa vixente (Decreto 106/2017, do 28 de setembro), como ao momento actual, dotando aos seus cursos de profesorado e medios modernos, acordes ás tendencias formativas do século XXI.

Esta nova actividade formativa inclúese dentro do Plan Nacional de Estudos da Escola Nacional de Adestradores e o curso posúe validez exclusivamente federativa.

Este curso habilita, tras superalo, a exercer como adestrador de baloncesto en Galicia.

REQUISITOS

- a. Ter un mínimo de 16 anos
- b. Estar en posesión de un título de graduado en educación secundaria, o equivalente o superior
- c. Estar en posesión do título de adestrador de nivel 0 expedido por la Federación Galega de Baloncesto.
- d. Ter un ordenador ou dispositivo con conexión a internet fiable para a formación on-line.
- e. Conta de correo electrónico con capacidade mínima de 20 MB, para la recepción de arquivos que o profesorado estime convinte.
- f. Ofértanse **75** prazos: terán preferencia aqueles alumnos que posúan o título federativo de nivel 0 con maior antigüidade.

CONTIDOS

a. MÓDULO DE ENSINANZAS BLOQUE COMÚN (Científico)

Área: Bases do comportamento deportivo.

Fundamentos sociolóxicos do deporte e Bases psicopedagóxicas da ensinanza e do adestramento.

Área: Marco Xurídico do deporte

Organización e lexislación do deporte.

Área: Primeiros auxilios e hixiene no deporte

Primeiros auxilios e hixiene no deporte e Bases anatómicas e fisiolóxicas do deporte.

Área: Actividade física adaptada e discapacidade

Características básicas das principais discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas

b. MÓDULO DE ENSINANZAS BLOQUE ESPECÍFICO

Área: Formación do xogador en etapas iniciais

Accións técnico-tácticas individuais do xogo (aspectos técnicos)

Área: Adestramento en baloncesto

Metodoloxía da ensinanza e do adestramento.

Planificación e avaliación do adestramento.

Preparación Física aplicada.

Área: Táctica de ataque e defensa en etapas iniciais

Accións técnico-tácticas individuais e colectivas do xogo (aspectos tácticos)

Área: Dirección de equipos en etapas iniciais

Dirección de Equipos e O valor do Baloncesto.

Novas tecnoloxías aplicadas ao baloncesto.

Regras de xogo

c. MÓDULO DE PRÁCTICAS

El alumno xestionará e materializará no seu centro de prácticas (club federado) o traballo propio para o que lle capacitou este curso: adestrar.

O alumno debe subir á plataforma a súa licencia federada, ficha de prácticas e deberá entregar unha memoria do traballo realizado neste período (Información específica) no bloque de prácticas.

Unha vez superado este Módulo de prácticas, obterase a titulación de adestrador (Nivel 1)

PLAN DE FORMACIÓN

PLAN DE FORMACIÓN CURSO NIVEL 1 FGB				
BLOQUE COMÚN	HORAS TOTAIS	PRESENCIAIS	ON LINE DIRECTO	ON LINE
BASES	20			20
1os AUXILIOS	30	2		28
ADAPTADA	5			5
Org. DXTIVA	5			5
Total	60	2		58
BLOQUE ESPECÍFICO				
FORMACIÓN	40	(12 Nivel 0)+ 12	8	8
ENSINANZA	30	(4 Nivel 0)+ 8	8	10
DIRECCIÓN	25	(5 Nivel 0)+4	4	12
TÁCTICA	20	(4 Nivel 0)+5	4	7
Total	115	(25 Nivel 0)+29	24	37

BLOQUE DE PRÁCTICAS	150			
TOTAL CURSO	325			

METODOLOXÍA

Para a adquisición das competencias, o proceso de ENSINO - APRENDIZAXE será cómodo para os alumnos, cunha alta porcentaxe de contidos do curso que se poderán asimilar mediante metodoloxía EN LIÑA a través da plataforma formativa da FGB.

Gran parte dos contidos estarán reforzados por recursos audio-visuais que o alumnado poderá visionar, segundo o seu tempo e criterio, mesmo máis aló do final de curso, sedimentando a aprendizaxe de calquera contido.

O alumno marcará o seu propio ritmo na FASE NON PRESENCIAL, dentro dos límites temporais de cada materia. Este proceso será reforzado con CLASES PRESENCIAIS.

Esta FASE focalizarase naquelas aprendizaxes máis complexas e terá momentos de atención personalizada con titorías e recursos individuais, que permitirá asegurar que as competencias básicas para que os alumnos poidan obter o título de adestrador NIVEL 1, están adquiridas.

CLASES PRESENCIAIS

DÍA 1 DE SETEMBRO 2023

11:00 h - 12:00 h: Presentación do Curso (DIRECCIÓN)

12:00 h - 14:00 h: Formación (B.E.)

16:00 h - 18:00 h: Formación (B.E.)

18:00 h - 21:00 h: Ensinanza (B.E.)

DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2023

10:00 h - 14:00h: Formación (B.E.)

16:00 h - 21:00 h: Ensinanza (B.E.)

DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2023

10:00 h - 14:00 h: Formación (B.E.)

16:00 h - 18:00 h: 1os Auxilios (B.C.)

DÍA 12 DE OUTUBRO DE 2023

10:00 h - 14:00 h: Dirección (B.E.)

16:00 h - 21:00 h: Táctica (B.E.)

CLASES ON LINE EN DIRECTO

FORMACIÓN:

Luns 11 e 25 de setembro (de 20:00 h a 22:00 h).

Luns 9 e 23 de setembro (de 20:00 h a 22:00 h).

ENSEÑANZA:

Luns 18 de setembro de (de 20:00 h a 22:00 h).

Luns 2, 16 e 30 de outubro (de 20:00 h a 22:00 h).

DIRECCIÓN:

Luns 6 e 20 de novembro (de 20:00 h a 22:00 h).

TÁCTICA:

Luns 13 e 27 de novembro (de 20:00 h a 22:00 h).

CLASES ON LINE EN REMOTO

BLOQUE COMÚN:

BASES: Inicio o 1 de setembro (20h).

PRIMEROS AUXILIOS: Inicio o 1 de setembro (28 h).

ADAPTADO: Comezo o 16 de Outubro (5 h).

ORG. DXTIVA: Comezo o 23 de Outubro (5 h).

BLOQUE ESPECÍFICO:

FORMACIÓN: Do 1 de setembro ao 30 de outubro (22 h).

ENSINANZA: Do 1 de setembro ao 30 de outubro (12 h).

DIRECCIÓN: Do 12 de outubro ao 30 de novembro (16 h)

TÁCTICA: Do 12 de outubro ao 30 de novembro (11 h)

AVALIACIÓN

A avaliación pretende ser un proceso que acredite ao alumno a ser capaz de desempeñar a función de adestrador, de monitor ou adestrador de iniciación.

Para isto, deseñamos un modelo fácil, ao tempo que completo, e que pretende obter o maior volume de información posible de cada alumno.

Avaliación on line presencial segundo porcentaxes de avaliación indicados.

Test na plataforma durante a docencia de cada área.

Traballos segundo marquen los profesores.

Período de recuperación do 5 ao 8 de decembro de 2023. Traballos e exames de recuperación.

Para conseguir superar este curso, deberase conseguir o APTO tanto na cualificación da proba de capacitación ou exames como nas de todas as actividades, cuestionarios e tarefas propostas.

INSCRICIÓN

PRAZO DE INSCRICIÓN: do 10 a 26 de xullo de 2023.

INSCRICIÓN: A xestión realizarase a través de formulario ubicado en www.fegaba.com

COTA XERAL/ IMPORTE DA MATRÍCULA: 440 €

VALIDACIÓN

Todo aquel alumno que desexe convalidar algunha das materias cos seus estudos, deberá contactar coa administración do curso solicitándoo.

A convalidación de todo ou parte dunha área ou módulo non supón a redución do prezo total de matrícula.

Só se poderán solicitar convalidacións por estudos oficiais terminados. Deberanse achegar os seguintes datos: Nome e apelidos do alumno.

Estudos polos que solicita convalidación (denominación, ano, plan...) Posteriormente e a través dese medio, comunicaremos se existe ou non convalidación por todo ou parte dalgunha área.

TÍTULO ACADÉMICO	MATERIA CONVALIDABLE
Formación Profesional. Técnico en Conducción de Actividades Físico-Deportivas (Grado Medio)	Bloque Común (parte médica)
Diplomado en Educación Física	Bloque Común completo
Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte	Bloque Común completo
Licenciado en Medicina	Bloque Común (Parte Médica)
Diplomado en Fisioterapia	Bloque Común (Parte Médica)
Licenciado en Pedagogía	Bloque Común (Bases do Comportamento Deportivo)
Licenciado en Psicoloxía	Bloque Común (Bases do Comportamento Deportivo)